

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 20 de febreiro de 2025, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO TERCEIRO. APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE FESTAS POPULARES CELEBRADAS NO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2025. EXPEDIENTE GD 650/2025

Dentro do Plan estratéxico de subvención para o período 2023-2025 aprobado polo pleno de 23.02.2023, sendo a cuarta e última modificación aprobada polo pleno de 26.09.2024 recóllese a seguinte liña de axudas:

LIÑA DE SUBVENCIÓN	SUBVENCIÓNS FESTAS POPULARES
OBXECTIVOS	Promover a participación activa da veciñanza nas festas, como medio de propiciar a convivencia entre os veciños, preservando as tradicións existentes nas distintas parroquias do Concello, transmitidas a través dos festexos populares.
EFFECTOS PRETENDIDOS	A existencia dunha programación festiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas comisións de festas de cada parroquia, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento. A difusión da imaxe de Ames a través da súa oferta festiva, de xeito que esta sirva como elemento de dinamización de cada unha das parroquias en que se celebren festas, así como de atracción de visitantes de cara aos vindeiros exercicios.
DESTINATARIOS	Asociacións culturais existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións
PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	2023 - 2025
CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	25.000,00 euros
CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	25.000,00 euros
CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	20.000,00 euros
ECONÓMICA	3341
FUNCIONAL	48916
FINANCIAMENTO	Fondos propios con cargo á funcional sinalada
PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Concurrencia competitiva

Figura Providencia da Alcaldía de inicio do expediente.

Figura no expediente informe proposta da Concellaría de Cultura sobre as bases e a convocatoria das axudas do 17.02.2025, [\(CSV:15220IDOC21CE6BC2CD9945E41B5\)](#).

Figura informe de Secretaría sobre o procedemento e lexislación aplicable do 18.02.2025 [\(CSV:15220IDOC2F6ADF3F51304F544BF\)](#).

Figura informe de fiscalización favorable da Intervención municipal (informe 53/2025 do 18.02.2025) ([CSV:15220IDOC214461C9FD723504994](https://csv.15220IDOC214461C9FD723504994)).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do Alcalde (decreto 1983/2023 BOP nº 120 do 26.06.2023) por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar as bases reguladoras das subvencións para a promoción de festas populares celebradas no concello de Ames no exercicio 2025, que figuran como Anexo I deste acordo.

Segundo. Aprobar a convocatoria de subvencións para a promoción de festas populares celebradas no concello de Ames no exercicio 2025.

Terceiro. Aprobar o gasto por importe de 25.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3341.489.16 do orzamento municipal do exercicio 2024 en situación de prórroga para 2025.

Cuarto. Publicar o presente acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da LXS, a través do envío do extracto da convocatoria á Base Nacional de Subvencións quen o remitirá ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames. O prazo para presentar as solicitudes será de 30 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.

Quinto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sexto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN DE FESTAS POPULARES CELEBRADAS NO CONCELLO DE AMES DURANTE O EJERCICIO 2025.

Datos do programa:

Concellaría	Cultura	
Anualidade	2025	
Denominación	Subvencións para a promoción de festas populares celebradas no Concello de Ames durante o exercicio 2025.	
Beneficiarios	Asociacións culturais ou veciñais e comisións de festas existentes no Concello de Ames.	
Aplicación orzamentaria	3341.489.16	
Importe da convocatoria	25.000,00 €	
Importe da subvención que se vai conceder	Segundo a poboación da parroquia:	
	Nº HABITANTES	SUBVENCIÓN MÁXIMA
	<500	1.000,00 €
	500-3000	2.000,00 €
	>3.000	6.500,00 €
Coefficiente de financiamento	Máximo do 50%	

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ames, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades culturais coa finalidade de contribuír a existencia dunha programación festiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvidas polas comisións de festas de cada parroquia, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento. Deste xeito contribúese a preservación das tradicións existentes nas distintas parroquias do Concello, transmitidas a través dos festexos populares.

1.- BASES XERAIS

O Concello de Ames aprobou a ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames que recolle o contido xeral das bases das subvencións convocadas polo Concello (Boletín Oficial da Provincia número 23 do 4 de febreiro de 2025).

2. BASES ESPECÍFICAS

BASE 1.- OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, destinadas a promover os festexos populares celebrados no Concello de Ames no exercicio 2025, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade, conforme a disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do réxime local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu Regulamento, así como no Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

A través da presente convocatoria, desde a Concellaría delegada de Cultura propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS OU DE PRIMEIRO NIVEL.

- A existencia dunha programación festiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas comisións de festas de cada parroquia, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.
- A participación activa da veciñanza nas festas, como medio de propiciar a convivencia entre os veciños.
- A preservación das tradicións existentes nas distintas parroquias do Concello, transmitidas a través dos festexos populares.
- A difusión da imaxe de Ames a través da súa oferta festiva, de xeito que esta sirva como elemento de dinamización de cada unha das parroquias nas que se celebren festas, así como de atracción de visitantes de cara aos vindeiros exercicios.

1.2 OBXECTIVOS INSTRUMENTAIS OU DE SEGUNDO NIVEL.

- Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación, ou obxectivos de segundo nivel:
- Primar no reparto de subvencións o número de persoas residentes en cada lugar de celebración, como indicador obxectivo.
- Que o protagonismo no impulso, desenvolvemento e financiamento dos festexos sexa asumido pola propia veciñanza, como medio para acadar a máxima implicación no seu mantemento.

BASE 2.- RÉXIME XURÍDICO

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas polo Concello de Ames está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames (Boletín Oficial da Provincia número 23 do 4 de febreiro de 2025).
- Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Ames.
- Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Ames do 1 de xullo de 2006, BOP núm. 198 do 29 de agosto de 2006.

BASE 3.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, destinadas a promoción dos festexos populares celebrados no Concello de Ames no exercicio 2025.

BASE 4.- FINANCIAMENTO E CRÉDITOS ORZAMENTARIOS

O importe da consignación ascende a un total de 25.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3341.489.16 do orzamento do concello de 2024 prorrogado para 2025.

O importe individual das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria non poderá superar o límite fixado na base 10 en función da poboación da parroquia nin o 50% do proxecto subvencionable.

BASE 5.- BENEFICIARIOS

Poderán optar a estas subvencións as asociacións culturais ou veciñais existentes no Concello de Ames que cumpran tanto os requisitos xerais como os específicos da convocatoria que se sinalan a continuación.

5.1. Requisitos xerais

Os beneficiarios/as de subvencións convocadas polo Concello de Ames deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

- Non estar incurso/a en ningún dos supostos aos que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2033, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.
- Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior, a non ser que lles fose concedida unha prórroga

5.2. Requisitos específicos da convocatoria

Poderán ser beneficiarios/as das subvencións obxecto da presente convocatoria as asociacións culturais ou veciñais que cumpran os seguintes requisitos específicos:

- Estar legalmente constituídas.
- Realizar actividades de índole cultural no Concello de Ames
- Figurar inscritas no rexistro municipal de asociacións no momento de presentar a solicitude. Será requisito indispensable que os datos da inscrición da asociación estean debidamente actualizados no momento de solicitar a subvención.

BASE 6.- GASTOS SUBVENCIONABLES

6.1. Gastos subvencionables

Poderán ser subvencionadas, ata un máximo do 50 % do presuposto total, as actividades asociadas á celebración das festas populares desenvolvidas polos suxeitos indicados na Base 5.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017 de 8 de novembro da Lei

de contratos do sector público para o contrato menor, o/a beneficiario/a deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso da prestación do servizo, salvo que polas esenciais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á convocatoria da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá subvencionarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme aos criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta de menor importe.

6.2. Gastos non subvencionables

- A realización de obras.
- A adquisición de bens de carácter inventariable.

6.3. Ámbito temporal

Os gastos para os que se solicite a subvención municipal **deberán executarse dentro do exercicio 2025.**

BASE 7.- COMPATIBILIDADES E EXCLUSIÓN

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das axudas non supere o custo da actividade ou o investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta subvención non poderán acollerse a outras convocatorias do Concello de Ames.

BASE 8.-FORMA E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

8.1. Publicidade da convocatoria

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña previa remisión do mesmo á Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 17.3.b e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións.

As bases xunto coa convocatoria desta subvención publicaranse na páxina web do Concello de Ames e remitiranse tamén á Base de Datos Nacional de Subvencións.

8.2. Prazo de presentación

O prazo para presentar as solicitudes será de 30 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase prorrogado ata o inmediato hábil seguinte.

8.3. Lugar de presentación

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos.

As solicitudes, xunto co resto da documentación, presentaranse na sede electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/GDCarpetaCiudadano/welcome.do>) mediante os modelos normalizados que se inclúen como anexos á presente convocatoria. Igualmente poderá presentarse no Rexistro electrónico do Punto de Acceso Xeral do Estado (REC), ao que poderá acceder desde o enlace dispoñible na sede electrónica do Concello de Ames.

8.4. Documentación

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

ANEXO 1	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN
	Xunto con este anexo, <u>os solicitantes deberán achegar a seguinte documentación:</u> • Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.
ANEXO 2	DECLARACIÓN RESPONSABLE DO PRESIDENTE DA ENTIDADE

As solicitudes deberá presentalas o/a presidente/a da entidade e, a persoa que ocupe ese cargo, deberá constar como tal no Rexistro Municipal de Asociacións.

Deberá presentarse solicitude para cada ocasión ou exercicio no que se pretenda obter unha subvención. O feito

de presentar unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

BASE 9.- COMPROMISOS E OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

9.1. Compromisos e obrigas xerais

As entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

- Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar a/as actividade/s ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Empregar os fondos percibidos nos fins e na finalidade para a que foron outorgados.
- Xustificar debidamente a cantidade percibida.
- Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación /publicación da concesión da subvención calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.
- Proporcionar ao servizo xestor e instructor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos do seguimento, avaliación e planificación, así coma facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.
- Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis axeitados.
- Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento de ditas circunstancias e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- Empregar no exercicio das súas actividades unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empregar a imaxe das mulleres como reclamo ou con connotacións de tipo sexual ou denigrante, segundo o que dispón o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre Igualdade.
- Cando as actividades afecten a menores de idade o persoal ao que corresponda a realización das mesmas cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

9.2. Compromisos e obrigas específicos desta convocatoria

- **Difusión do carácter público do financiamento.** Os beneficiarios deberá dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, unha vez comunicada a resolución da concesión conforme ao establecido na Lei Xeral de Subvencións.

As medidas de difusión poderán consistir na inclusión da imaxe institucional do Concello, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida, así como a súa relevancia, deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.

En particular, deberá figurar o imaxe institucional do Concello nos carteis que anuncien as festas, así como en calquera outro material publicitario que se empregue para a difusión das festas.

BASE 10.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrência competitiva.

10.1. Instrución

- A instrución do procedemento de concesión das subvencións corresponde á Concellaría delegada en materia de Cultura, que terá o carácter de órgano instructor aos efectos indicados na normativa reguladora

das subvencións públicas.

- O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.
- De conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:
- Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
- Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuadas de conformidade cos criterios, formas e prioridades de valoracións establecidos na base seguinte.
- Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instructor requirirá ao interesado para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que se non o fixera se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolucións que deberá ser ditadas nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

- O órgano instructor deberá emitir informe no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións reguladas nesta convocatoria.
- O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará a proposta de resolución debidamente motivada.

10.2. Comisión avaliadora

a) A Comisión Avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a:	- A persoa titular da Alcaldía
Vogais	- A persoa titular da Concellería delegada da Área de Cultura - A/o animador/a cultural, que actuará igualmente como secretario/a.

b) A Comisión Avaliadora deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude presentada, aplicando os criterios de valoración establecidos no apartado seguinte (10.3)

10.3 Criterios de valoración das solicitudes

A contía individualizada da axuda dependerá dos habitantes censados de acordo co previsto no punto 10.4 destas bases.

Asemade comisión avaliadora analizará as solicitudes presentadas co fin de verificar que cumpren o previsto nestas bases, así como que a actividade para a que se solicita a subvención colabora na consecución dos obxectivos sinalados na base 1.

As entidades deberán comprometerse a empregar a lingua galega na realización das actividades, no caso de que non se comprometan o importe da subvención minorarase nun 1%.

10.4 Determinación do importe da subvención concedida

Coeficiente de financiamento

Como máximo subvencionarase o 50 % do orzamento subvencionable.

O **coeficiente de financiamento (CF)** é o cociente existente entre a subvención concedida e o orzamento subvencionado, expresado en porcentaxe.

Enténdese por orzamento subvencionado o gasto total a que ascenda a actividade para a que se pretenda a subvención, segundo conste na solicitude formulada pola entidade interesada.

$$CF (\%) = \frac{\text{Importe da subvención concedida}}{\text{Orzamento subvencionado}}$$

Importe total do orzamento subvencionado da actividade

O coeficiente de financiamento será aplicado sobre o gasto validamente xustificado, co fin de determinar o importe final da subvención que lle vaia corresponder á entidade beneficiaria.

En consecuencia, para percibir o importe íntegro da subvención concedida, a entidade beneficiaria deberá xustificar, como mínimo, un gasto polo importe total do proxecto presentado. Realizarase a correspondente minoración no caso de non xustificarse na súa totalidade.

Contía individualizada

O importe individual das subvencións dependerá dos habitantes censados en cada lugar ou parroquia en que se celebren os festexos, de acordo co seguinte baremo:

Nº HABITANTES	SUBVENCIÓN MÁX.
Menos de 500	1.000,00 €
Entre 500 e 3000	2.000,00 €
Máis de 3.000	6.500,00 €

En aplicación do anterior e, considerando as cifras de habitantes reflectidas no censo municipal á data 17/01/2025, as subvencións máximas a percibir ao abeiro da presente convocatoria resultan ser as seguintes:

	Parroquia	Nº de habitantes	Subvención máxima	Orzamento subvencionado (gasto mínimo a xustificar para o cobro da subvención máxima)
1	AGRON	338	1.000,00 €	2.000,00 €
2	AMEIXENDA	339	1.000,00 €	2.000,00 €
3	AMES	1.501	2.000,00 €	4.000,00 €
4	BERTAMIRÁNS - ORTOÑO	12.141	6.500,00 €	13.000,00 €
5	MILLADOIRO - BIDUÍDO	15.633	6.500,00 €	13.000,00 €
6	BUGALLIDO	1.619	2.000,00 €	4.000,00 €
7	COVAS	1.056	2.000,00 €	4.000,00 €
8	LENS	80	1.000,00 €	2.000,00 €
9	PIÑEIRO	237	1.000,00 €	2.000,00 €
10	TAPIA	108	1.000,00 €	2.000,00 €
11	TRASMONTE	346	1.000,00 €	2.000,00 €

No caso de que exista **máis dunha solicitude de subvención por parroquia**, o importe asignado no cadro anterior a esa parroquia repartirase de forma proporcional atendendo aos habitantes censados en cada lugar no que se celebren os festexos. Nestes casos o orzamento mínimo a xustificar será o dobre da subvención concedida.

Unha vez distribuídas as subvencións entre todas as parroquias conforme ao indicado, se a suma non superase o

orçamento máximo da convocatoria sinalada na base 4 (25.000€), o sobranse repartirase soamente entre aquelas parroquias nas que exista máis dunha solicitude de subvencións, do seguinte xeito: sumarase os habitantes das parroquias nas que exista máis dunha solicitude e realizarase un reparto proporcional atendendo aos habitantes censados en cada lugar no que se celebren festexos. O importe que se lle conceda a cada lugar nunca poderá ser superior ao que lle correspondería no caso de que fora a parroquia á que pertence ese lugar. Nestes casos o orzamento mínimo a xustificar será o dobre da subvención concedida.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento feito polo beneficiario/a.

10.5. Resolución

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, a Alcaldía ou o órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación, ditará resolución definitiva.

A resolución de concesión deberá conter a relación das solicitudes estimadas, desestimadas, desistidas e non admitidas a trámite.

As resolucións que estimen as solicitudes expresarán en relación con cada unha delas o obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente e o orzamento subvencionado. As que desestimen as solicitudes ou as inadmitan a trámite motivarán debidamente esta circunstancia.

A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude de subvención, sen prexuízo do indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.6. Prazo de resolución e notificación

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de DOUS MESES desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.7. Recursos

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución de concesión da subvención). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de concesión da subvención).

10.8. Aceptación ou renuncia á subvención

No prazo de DEZ (10) DIAS NATURAIS seguintes ao da notificación da resolución, os/as beneficiarios/as das subvencións deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a aceptación ou renuncia á mesma. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase tacitamente aceptada a subvención concedida.

BASE 11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

11.1. Importe a xustificar

O importe mínimo a xustificar será igual ao dobre da subvención concedida.

11.2. Prazo de xustificación

O prazo de xustificación finalizará o **31 de xaneiro de 2026**.

Este prazo poderá ser ampliado ata o 31 de marzo de 2026, como máximo, previa solicitude da persoa interesada presentada antes do 31 de decembro de 2025. O prazo tamén poderá ampliarse previa proposta razoada da unidade xestora.

11.3. Documentación xustificativa

A obriga de xustificar a subvención concedida deberá cumprirse mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO III destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é

o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- b) Relación clasificada de gastos con identificación do acredor, o concepto de gasto, o seu importe, nº de factura, data de emisión e data de pagamento. Deberán subvencionarse os orixinais das facturas ou xustificantes do gasto que deberán ir acompañados da documentación acreditativa do pago. No xustificante bancario deberá constar, ademais do emisor e receptor do pagamento, o número de factura obxecto do pagamento e a data do mesmo.

Aos efectos do indicado no artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior. **É requisito necesario o seu aboamento con anterioridade á finalización do período de xustificación que se indica nesta base.**

Os beneficiarios/as das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias...) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiquets de aparcadoiro, etc) e en todo caso para gastos non superiores a 150€.

Para facilitar o control da concorrencia de outras subvencións outorgadas coa mesma finalidade as facturas e demais xustificantes de gasto que se presenten deben ser orixinais.

Con independencia dos libros e rexistros contables que as normas de carácter xeral poidan establecer aos beneficiarios/as de subvencións como consecuencia da súa forma xurídica (Asociación, Fundación, Federación, etc) estes deberán contar en todo caso, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúa debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade ou material obxecto de financiamento polo Concello de Ames, que terá os efectos previstos no artigo 17.3. h) da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 11.f) e g) da Lei de subvencións de Galicia.

- c) En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:
- orixinal dos contratos de traballo.
 - Orixinal das nóminas aboadas e os boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como os documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).
- d) Material empregado para o cumprimento do deber de difusión do carácter público do financiamento (cartel da festa e, no seu caso, programa de man), de acordo co indicado na base 9.2.b).
- e) A documentación relativa á xustificación presentárase no rexistro electrónico do Concello. A persoa representante ou presidente/a da entidade responsabilízase de que todos os documentos que se axunten na sede electrónica son orixinais.

11.4. Tramitación da xustificación

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada no apartado anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo do informe previo da unidade xestora acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiario/as achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida e despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.

Se a documentación é correcta, procederase á aprobación da xustificación e ao pagamento da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, o órgano xestor formulará o correspondente requirimento, con advertencia de que de non proceder á emenda das eivas advertidas no prazo de dez días hábiles, consideraráselle desistido do procedemento, ditándose a resolución de perda do dereito ao cobro, que será notificada ao/á interesado/a.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior ao orzamento subvencionado (é dicir, ao gasto da actividade, segundo figure na solicitude da subvención), aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100 por 100, pero superior ao 60 por 100 do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.

- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 60 por 100 do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador previsto na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames.

Completada a documentación e emitido o informe proposta favorable ao pagamento, no que se concrete o importe da subvención inicialmente concedida que proceda aboar ao/á beneficiario/a, o expediente será remitido ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o preceptivo informe de fiscalización previo á aprobación da xustificación e pagamento.

11.5. Xustificación extemporánea

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nas bases, ou o de prórroga concedido conforme ás mesmas, sen que o/a beneficiario/a presente a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación, advertíndolle que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

11.6. Pagamento

Regúlase o pagamento anticipado do 50% do importe da subvención concedida, en virtude do disposto no artigo 31.6 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, no momento en que se adopte a resolución de concesión das axudas.

Non será preciso que as entidades beneficiarias presente garantía en virtude do disposto no artigo 42.1 do Regulamento da citada lei, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

O pagamento do 50% restante farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro, en cuxo caso deberá acordarse o inicio do procedemento de reintegro do 50% do pagamento anticipado.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada polo/a beneficiario/a.

No caso de non estar ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Concello de Ames advertirase ao/á beneficiario/a de que non se procederá ao pagamento e concederáselle un prazo de 3 meses para xustificar que ten regularizada a súa situación.

De non achegar xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada e o reintegro do 50% anticipado.

BASE 12.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

BASE 13.- RÉXIME SANCIONADOR

O beneficiario/a quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames.

No caso de **incumprimento dos prazos de xustificación**, adecuaranse ao previsto no capítulo VI da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames.

Ata un mes de atraso: 75€.

Entre un e tres meses de atraso: 300€.

Mais de tres meses de atraso: 600€.

BASE 14.- ÓRGANOS DE CONTROL DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

BASE 15.- CONTROL POSTERIOR POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

O control posterior das subvencións concedidas axustarase ao que cada ano se recolla no Plan Anual de Control Financeiro aprobado polo órgano interventor.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E INCORPORACIÓN AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCIÓNS

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistro público de subvencións, nos seguintes termos:

- a) En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
- b) En cumprimento do disposto no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia o Concello remitirá Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia
- c) Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 18 do RD 887/06, advírtese que o Concello de Ames publicará as subvencións concedidas, expresando na mesma o nome ou razón social do beneficiario/a, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Ames é o responsable do tratamento dos datos persoais recadados nesta convocatoria. Os datos serán tratados coa finalidade específica de tramitar a convocatoria de axudas para a promoción de festas populares levadas a cabo polas asociacións culturais e veciñais do Concello de Ames no exercicio 2025, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.

A lexitimación do tratamento está baseada nunha misión realizada en interese público, fundamentada na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos da subvención concedida e a identificación dos/das beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento e en base á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas publicarase a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no seu Regulamento.

DATA DE SINATURA: 20/02/2025
HASH DO CERTIFICADO: 94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: Secretaría
Alcalde

NOME: PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC227C6E7199078DD4498

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN DE FESTAS POPULARES CELEBRADAS NO EXERCICIO 2025.

ANEXO 1

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

Nota.- Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

- Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.
- Certificación de estar ao corrente nas obrigas coa Axencia Tributaria, Deputación e Tesourería Xeral da Seguridade Social, no caso de non autorizar ao concello á comprobación.

DATOS DO PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude (Presidente/a da entidade)	
NIF	
Enderezo	
Municipio	
Teléfono	
Enderezo electrónico	

Actuando en representación de (**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**):

Nome da entidade	
CIF	
Enderezo	
Municipio	
Nº de Rexistro Municipal de Asociacións	
Nº de asociados	
Nome do/a Presidente/a	
Nome do/a secretario/a	
Enderezo electrónico	

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Ames para a promoción de festas populares celebradas no exercicio 2025, SOLICITO ao abeiro desta convocatoria a concesión dunha subvención para a realización das actividades indicadas a continuación:

Descrición dos festexos para os que se solicita a subvención do 2025:

--

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

1.	
2.	
3.	

ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS (poderanse engadir follas adicionais, de non resultar esta suficiente)

Descrición do gasto	Contía total do gasto
TOTAL GASTO	

INGRESOS:

Descrición	Importe
Subvención solicitadas/concedidas para a mesma finalidade (identificar a administración concedente)	
Outros Ingresos	
TOTAL INGRESOS	

CONTÍA TOTAL SOLICITADA	
-------------------------	--

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	A finalidade específica de tramitar a convocatoria das "SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN DE FESTAS POPULARES LEVADAS A CABO POLAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E VECIÑAIS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2025", verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do

	13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas representantes, a base lexitimadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude
Destinatarios dos datos	Base de Datos Nacional de Subvencións, Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicarase, a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas representantes, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do Concello e as súas redes sociais
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, _____ de _____ de 2025

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

DATA DE SINATURA: 20/02/2025
HASH DO CERTIFICADO: 94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: Secretaría Alcalde

NOME: PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC227C6E7199078DD4498

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE FESTAS POPULARES CELEBRADOS NO EXERCICIO 2025.

ANEXO 2

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE (Asociacións legalmente constituídas)

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude (Presidente/a da asociación)	
NIF	

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome da Entidade	
CIF	

Aos efectos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En relación ao proxecto para o que se ten solicitado unha subvención do Concello de Ames ao abeiro da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulo a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

- Que a entidade representada por min está debidamente constituída e que dispón de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.
- Que a entidade representada por min está inscrita no rexistro de asociacións do Concello de Ames.
- Que a entidade representada por min está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha subvención ao abeiro da presente convocatoria, comprometéndose a manter esta situación ate a completa resolución do expediente.
- Que a entidade representada por min se compromete ao emprego da lingua galega nas actividades subvencionadas:
 - ☐ SI
 - ☐ NON
- Que nin eu nin a entidade por min representada estamos incurso en ningunha circunstancia que impida o acceso á condición de beneficiario/a dunha subvención pública.
- Que a entidade representada por min se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se adica a subvención, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

CONSENTIMIENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA REQUIRA O CONSENTIMENTO EXPRESO

A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa

No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social ou o Concello de Ames ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.	AUTORIZO A CONSULTA
Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).	☐ SI ☐ NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións fronte á Seguridade Social	☐ SI ☐ NON

Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias e demais ingresos de dereito público do Concello de Ames	☐ SI ☐ NON
AUTORIZACIÓN PARA A CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES PERSOAIS	
Autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello	☐ SI ☐ NON
Non autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello especificados no epígrafe dos destinatarios	☐ SI ☐ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	A finalidade específica de tramitar a convocatoria das "SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE FESTAS POPULARES LEVADAS A CABO POLAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E VECIÑAIS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2025", verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas representantes, a base lexitimadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude
Destinatarios dos datos	Base de Datos Nacional de Subvencións, Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicarase, a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas representantes, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do Concello e as súas redes sociais
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, ____ de ____ de 2025

O/a Presidente/a da Entidade

DATA DE SINATURA: 20/02/2025
HASH DO CERTIFICADO: 94794F58078E16456C017DD6EC026B3B160625F
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: Secretaría
Alcalde

NOME: PRADA QUEIJO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC227C6E7199078DD4498

polo Concello de Ames.

☐ A entidade obtivo as subvencións ou recursos que se inclúen na táboa seguinte para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Ames.

TÁBOA DE INGRESOS (marque a procedencia e o importe de xeito individualizado)

PROCEDENCIA <i>Entidade concedente pública ou privada, patrocinios, cuotas asociados, fondos propios da asociación, etc</i>	Importe
CONCELLO DE AMES	
FONDOS PROPIOS DA ASOCIACIÓN	
Total	

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
<i>Responsable do tratamento</i>	Concello de Ames
<i>Finalidades do tratamento</i>	A finalidade específica de tramitar a convocatoria das "SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE FESTAS POPULARES LEVADAS A CABO POLAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E VECIÑAIS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2025", verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.
<i>Lexitimación para o tratamento</i>	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas representantes, a base lexitadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude
<i>Destinatarios dos datos</i>	Base de Datos Nacional de Subvencións, Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicarase, a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas representantes, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do Concello e as súas redes sociais
<i>Exercicio de dereitos</i>	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
<i>Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional</i>	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, ____ de ____ de 2025

O/a Presidente/a da Entidade

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 20.02.2025, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo